

## Local Social de Covas vs Praza de España de Ferrol

Os veciños e veciñas de Covas gozamos dun local social no que a porta de entrada desvencellase cada vez que se levanta o vento co risco de que estampe a alguén contra a parede; o ascensor funciona cando lle cadra e deste xeito as persoas con mobilidade reducida teñen que ir aos prados máis próximos para facer as súas necesidades, as saídas de emerxencia atráncase con ferros para evitar os roubos, (os rateiros xa entraron en dúas ocasións) é unha mágoa que o día que pase algo, e non se poida abandonar o local, o concelleiro que lle toque vaia a ter problemas por non haberlle posto remedio; o chan de madeira levántase e os rodapés despéganse da parede co conseguinte risco de tropezos e caídas sen maiores consecuencias; o exterior da planta baixa e unha lameira pero iso non é problema para os veciños do rural porque todos temos unhas boas zocas gardadas no faiado; os equipos de iluminación son inaccesibles necesitándose unha grúa para

substituír as lámpadas, pero total para o que hai que ver; os ratos entran por debaixo das portas converténdose en parte da familia e tamén entra o aire (fai un frío de cara...), a caldeira para a calefacción e auga quente non se puxo en marcha, un gasto menos nestes tempos de crise; a pintura do chan do salón levántase polo alto grao de humidade, así dentro de pouco teremos que volver a pintar e xeramos emprego; os rieles das cortinas do escenario non soportan o peso das mesmas caendo frecuentemente, por fortuna son lixeiros e nos temos a cabeza dura, ademais o Concello suspendeu o programa de Teatro Veciñal supoñemos que para minimizar os riscos; os ineficaces tubos de control acústico despréndense dende unha altura de cinco metros e si temos en conta a lei da gravitación universal, "que establece que todo obxecto no universo que posúa masa exerce unha atracción gravitatoria sobre calquera outro obxecto con masa, independentemente da distancia que os separe", pode

haber unha desgracia en calquera momento; os pasamáns de inoxidable do exterior oxidaron, para min, e sen entender moito disto, que son de ferro mal pintado; a marquesina da entrada, colocada despois de reclamala un ano, non ten baixante das augas porque non chegaba o presuposto e deixaron a saída xusto enriba do buzón, resumindo papel mollado. Véñense á cabeza que se en lugar de Local Social de Covas se chamase Praza de España de Ferrol os responsables municipais non dubidarían en pagar o que fose para rematar os traballos ou para derribalo e construílo de novo. O local social é a construción máis controvertida e a que suscita maior debate no noso pobo pero, independentemente da opinión que lle mereza a cada quen, a realidade é que temos un lugar onde organizar todo tipo de actos e que se está convertendo nun punto de encontro e reunión dos veciños e veciñas, pero isto non quere dicir que o edificio non teña que reunir as condicións de seguridade, accesibilidade e habitabilidade necesarias para o desenvolvemento das actividades.

## Eu colaboro, ¿e ti?

En Setembro de 2007 renóvase a Xunta Directiva de esta AVV. Dende o primeiro momento nace a idea, entre outras moitas, de darlle un novo impulso á nosa comarca a través de planes de dinamización turística, cultural e social, sen esquecer os, ao mesmo tempo, de tratar de canalizar as numerosas demandas e carencias que temos na parroquia. A nivel de administración e xestión estase a traballar en varias fronteas con Concello, Deputación, Costas e Xunta de Galicia, pois as diversas problemáticas afectan a tódalas administracións. En canto á promoción cultural e social, a organización de eventos e acontecementos tales como actividades de inverno, exposicións, charlas, festas gastronómicas, celebración de datas especiais, ampla programación de verán, etc., ao longo de todo o ano, precisa dun

arduo traballo tanto previo, como en algunhas ocasións, a posteriori. Todo isto conleva un gran esforzo a nivel administrativo e sobre todo organizativo, pois é a nosa premisa que unha boa organización unida á colaboración desinteresada é a chave do éxito. Neste sentido, e tras o ofrecemento por parte de varios socios e veciños, no seo da AVV estase a promover a creación dunha bolsa de voluntarios que, en maior ou menor medida, poidan participar e contribuir para a consecución dos obxectivos. E é precisamente por todo o exposto anteriormente polo que, desde esta Xunta Directiva e a través deste Noticieiro, atrevémonos a pedir a túa colaboración. Si queres comprometerte con este proxecto para Covas e por Covas, si queres aportar o teu grao de area, só tes que achegarte ata o Local Social e deixarnos o teu nome e o teu nº de teléfono de contacto.

## Clases de sevillanas gratuitas para socios

O vindeiro mes de Abril celebraremos a "Feira de Abril", se queres aprender a bailar sevillanas e lucirte na feira, podes vir os sábados ás 20:00h ao local social, haberá clases gratuitas de sevillanas para os socios da AVV. Ademais cada socio poderá vir acompañado de un non socio. As prazas son limitadas, si estas interesado apúntate no local social ou no teléfono 981365763 (en horario de tarde).

Comezamos o día 14 de Marzo

### Axenda de Marzo

DIA 08/03/2009  
Feirón mensual na esplanada da Cooperativa



**covas**  
sumando esforzos

# Noticieiro Veciñanza

Número 1 Febreiro 2009

### ENTROIDO 2009

Gastronomía, música, moitos disfraces e bo humor na celebración do entroido



### NECESIDADES VECIÑAIS

Presentadas no rexistro do Concello as demandas recollidas durante o mes de Xaneiro

## Primeiros pasos pola senda de litoral de Covas

Os pasados días 12 e 19, un equipo formado por técnicos de Costas, Concello de Ferrol, Club de Montaña e Asociación de Veciños percorreu a nosa costa dende o Cano do Anido ata Beceiro para estudar o trazado dunha senda de litoral. Esta intervención contempla a sinalización da ruta, a elaboración de paneis informativos dos distintos lugares de interese, a construción de pasarelas de madeira onde sexa preciso,

creación de aparcadoiros nas praias de Ponzos, Santa Comba e Marmadeiro e a rexeneración dos espazos danados pola circulación de vehículos.

O enxeñeiro asesor de costas destacou a beleza das zonas visitadas e, na súa opinión, trátase dun proxecto viable que precisa dun pequeno investimento, e que pode ser acometido de inmediato podendo estar rematadas, algunhas intervencións, antes do verán.



## A II Sementeira xunta a pequenos e maiores na leira do trigo

**PARTICIPACIÓN** > Derredor de vinte nenos e uns trinta maiores fixeron posible que os tres ferrados de terra quedasen sementados en pouco máis dunha hora

"...mesturamos a Pedra do Trigo coa semente e, unha vez na terra, espallámola colléndoa a mancheas e estirando o dedo índice para deixalas saír; logo de colocar as gueifas no arado xunquimos...."

Así, tal e como recolle a tradición oral, era como se facían as sementeiras en Covas hai máis de setenta anos. O Sábado 14, dentro do "Proxecto para a recuperación dos traballos tradicionais" que está desenrolando a AVV de Covas, os veciños déronse cita na leira para espallar as sementes, reservadas da colleita do ano anterior, e iniciar así o ciclo

dedicado ao proceso do trigo.

Primeiro mesturamos as sementes coa "pedra do trigo", despois mentres un grupo sementaba, outro abría os sucros, co arado tirado por un cabalo, e outro viña por detrás explanando as mesas e coidando que as sementes quedasen ben tapadas.

Como novidade, nesta edición, reservouse un anaco de terra para que sexan os nenos e nenas quenes leven a cabo todos os traballos; dende a sementeira pasando polas tarefas da sega, traslado e malla que se farán nos meses do verán, ata a muiñada e a festa do pan de novembro.

Agora tan só queda esperar que o tempo axude para que o trigo medre e maduren as espigas.

**CONVIDADOS** > Durante a mañá estivemos acompañados do Primeiro Tenente de Alcalde do Concello de Cedeira Alfredo del Río, do Vicepresidente da Deputación da Coruña Pabío Villamar, da Comisionada de Seguridade Vial da Xunta Natividad González e do Concelleiro de Deportes e Participación Cidadá do Concello de Ferrol Manuel Santiago. Todos eles destacaron a importancia deste tipo de iniciativas que contribúen á recuperación das nosas tradicións e amosaron o seu compromiso con este proxecto.

## Camiño de Teixido, de Santa Comba a San Andrés



LENDAS > “a San Andrés de Teixido vai de morto quen non foi de vivo”. Conta a tradición galega como San Andrés chegou nunha barca de pedra ao remoto lugar de Teixido. Tanto se queixaba, de que a vontade divina o levara ata aquelas terras, que se lle apareceu Cristo para dicirlle que ese lugar sería visitado por todos a lo menos unha vez na vida; así que aqueles que non foron de vivos terán que reencarnarse en algún animal para peregrinar a San Andrés como requisito previo á súa entrada no ceo.

“Santa Combiña bendita ten un navío no mar quen llo dou, quen llo daría listo para navegar”. Tamén recolle a tradición popular que Santa Comba chegou á Insua do medio nunha barca de pedra acompañada do seu fillo San Silvestre. A barca atópase ao lado da ermida e existe unha lenda que afirma que ninguén puido sacala do seu emprazamento e que cada vez que se intenta afúndese mais e mais.

HISTORIA > Un dos itinerarios, sinalados polo historiador Rafael Usero, para ir a Compostela procedía do norte de Europa, pasaba por San Andrés de Teixido, visitaba o santuario de Santa Comba e, tras rodear o Cabo Prior encamiñábase a San Cristobo pola beira da ría para dirixirse ao Mosteiro de Xuvia e dende alí a Compostela.

Tomando esta referencia como punto de partida podemos supoñer que, tratándose San Andrés dun lugar de peregrinaxe obrigado para todos os cristiáns, ese camiño que nos levaba a Santiago tamén fose utilizado, en sentido inverso, para visitar Teixido.

O CAMIÑO HOXE >Hoxe en día as motivacións que conducen á xente aos lugares de peregrinaxe son moi diversas, dende os que continúan acudindo por motivos espirituais ou relixiosos, aos que o ven como un xeito distinto de facer turismo. O pasado ano 2008 rematou o proxecto de Costa Ártabra para a sinalización e recuperación do Camiño de Teixido que contempla unha variante dende a illa de Santa Comba, ao fío deste proxecto e

tendo en conta o efecto dinamizador que teñen os distintos camiños, que percorren o noso país, nos núcleos poboacionais que atravesan, decidimos poñer en marcha distintas iniciativas para a promoción desta ruta.

INICIATIVAS > Creación dun albergue para camiñantes; deseño dun plano-guía do camiño e dunha credencial para selar nos lugares de paso; expedición dun certificado a aqueles que rematen o camiño; edición de carteis e folletos promocionais; organización de andainas percorrendo distintos tramos do Camiño de Teixido e a constitución dunha sociedade de amigos do camiño.

COMPROMISOS >Na xuntanza mantida pola directiva da Avv con Alfredo del Río, Primeiro Tenente de Alcalde de Cedeira e Pablo Villamar, Vicepresidente da Deputación acordouse a inclusión de Covas na guía e no material de promoción no que está a traballar o Concello de Cedeira coa colaboración da Deputación da Coruña así como o deseño e impresión da credencial e do certificado que acredita a quen faga o camiño “de vivo”.

## Demandas presentadas ao Concello no mes de Febreiro

A Avv presentou no rexistro municipal as seguintes demandas presentadas polos veciños, necesidades da asociación e proxectos para Covas recollidas durante o mes de Xaneiro:

Renovación das axudas para o “Proxecto para a recuperación dos traballos tradicionais” concedidas durante 2008 por Participación Cidadá.

Estado no que se atopa o convenio para a cesión do edificio da escola e implicación do Concello na preparación do Museo etnográfico.

Inclusión de algún acto a celebrar en Covas dentro da programación de festas do verán.

Realización de charlas, conferencias na zona rural.

Preparación do antigo ximnasio para convertelo nun albergue para camiñantes e/ou peregrinos. Equipamento do ximnasio instalado no Local Social

Pago da factura de reparación do alumeado do salón de actos.

Inclusión do edificio do Local Social no plan de mantemento de edificios municipais.

Limpeza e Desratización das cunetas dende “Cruce de Papoi a cruce da cetárea”.

Desratización do Local Social.

Asfaltado dun tramo de 30 mts na zona de Pedras Brancas - A Pedreira.

Rebacheo con zahorra das pistas da parcelaria na zona de “Penaroiña” e “As Pozas”.

Mellora de accesos ao Porto da Cova.

Colocación dun punto de luz novo

na zona de “A Pedreira”.

Continuidade do programa “Teatro veciñal”.

Poda de árbores en colexio, adro e triángulo.

Convenio para o concurso hípico Galeoch 2009.

Renovación do convenio con Benestar Social para 2009.

Adaptación do repetidor de televisión de “A Bailadora” para emitir en dixital de cara ao apagón analóxico.

Tala da árbore situada no cruce da estrada xeral coa entrada a Ragón na zona das Palmeiras por constituir un risco para a vivenda situada ao lado.

Pago da carpa utilizada nos actos do verán (comprometida pola Concellería de Turismo).

## Curas, monxas, bispos, demos e meigas bailan xuntos no local social para celebrar o Entroido



A noite comezou coa recepción dos comensais na zona de bar antes de pasar a ocupar as mesas reservadas; a continuación os camareiros serviron a sopa de cocido, as delicias de porco con patacas do Prioro e grelos do Maxolo e , de sobremesa, orellas de Naveiras e torradas e freixós da Sixta, todo regado con unha selección de viños das denominacións barrantes e ribeiro, auga de Galicia e refrescos. Para rematar non podía faltar o café de pota con aroma de chicoria e uns chupitos de licores da terra.

Antes de que o Dúo Latino

arrancase a tocar, o equipo de cocíña, sala e bar saíron a recibir o merecido aplauso dos asistentes e, a partir dese momento pastores, feirantes, xeques árabes co seu equipo de seguridade, mariquitas, porquiños, un Rambo coxo dunha perna, salseiras voluptuosas , drag queens, bailarinas, nenas pequenas , mouras , mouros e rockeiros, tiroleses, paiaos, lexionarios romanos, mexicanos, actrices, unha fada con tirabuzóns rubios, Mucha e Nucha sen Gayoso, enfermeiras, limpadoras, familias hippies, vampiros, chinas e indios,

gardas, curas, bispos, demos, meigas, ovellas besuconas, marqueses, médicos, mulleres con zapatos do corenta e cinco e barba, unha carapuchiña vermella mais grande que o lobo e un osiño que daban ganas de comelo saíron a bailar e disfrutar da música.

Derredor das catro serviuse o resopón, a base de cocido, orellas, freixós e torradas, para continuar coa festa ata cerca das seis. Foi , sen dúbida, un Entroido que permanecerá na memoria de todos os que tivemos o pracer de estar alí.

## Obras de mellora no “camiño da ferreira”



Durante o pasado mes executouse a primeira fase das obras necesarias para a recollida e canalización de augas no camiño da ferreira.

A intervención consistiu na instalación dun tubo de pvc ao que se engancharon as drenaxes do camiño, deixando rexistros para recoller as augas que baixan das zonas altas, e na construción de trinta metros de cunetas abertas en cemento para, deste xeito, evitar a acumulación de auga e áridos na zona e anchar o camiño posibilitando o cruce de vehículos.

## Solicitud de axudas para persoas dependentes

Seguindo a filosofía do noso lema “sumando esforzos”, a traballadora social Pilar Díaz ofrécese para informar e asesorar, sen custo algún, aos socios da Avv sobre axudas á dependencia, solicitude de pensións e trámites a realizar con

organismos públicos.

Os interesados podeades pasar polo local social de luns a venres en horario de tarde para cubrir un impreso que lle faremos chegar a Pilar quen, unha vez analizada a necesidade, atenderá en persoa as consultas.

## Convocatoria de axudas para rehabilitación de vivendas no rural.

A Xunta, abriu o prazo para a presentación de solicitudes para axudas á rehabilitación de vivendas no rural; a cuantía máxima subvencionada será de 30.000€ e o prazo estará aberto ata o 1 de setembro de 2009. A vivenda, obxecto da acuda, deberá ter unha antigüidade de 15 anos non sendo necesario residir un tempo mínimo no Concello onde se empraza a mesma.

Poderán optar ás axudas as persoas con unha renda, da unidade familiar, inferior a 23.500€.

As obras que poderán incluírse serán as relacionadas con elementos exteriores (carpintería, cubertas, fachada ,etc) e/ou acondicionamento interior (calefacción, electricidade, etc).

A Avv abrirá unha oficina de información e axuda, para cubrir os impresos, no Local Social que estará aberta os sábados de 12: 30 a 13: 30h a partir do día 7 de Marzo.